

OS ELFOS DINDÓN E DANIELA

Este é o país dos elfos...

E este é o cogomelo de Dindón e Daniela.



Dindón e Daniela
son elfos.



Este é o cogomelo
de Damián.



O cogomelo de Damián é unha tenda.

- Damián, dame unha sandía, dous plátanos e unha barra de pan, por favor.
- Toma, Dindón. Son sete moedas.



- Tomades unha limonada? É o meu santo.
- Sí, Damián.

Damián dalles dúas limonadas. • ✨

- É o teu día, Damián!
Dindón e Daniela aplauden.



*** Completa as seguintes oracións: ***

Dindón e Daniela son _____.

O cogomelo de Damián é unha _____.

Dindón merca unha sandía, dous
plátanos e unha _____.

Damián sírvelles unha _____.

É o _____ de Damián.